

# PROTOCOLO DE INFORMACIÓN SOBRE O PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

## **ORGANOS DE VALORACIÓN E ASESORAMENTO DA DEPENDENCIA**

**ADSCRICIÓN** : ás Delegacións Provinciais da Vicepresidencia

**DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL** mín. 1 órgano / Delegac. Provincial

**COMPOSICIÓN** Profesionais da área social e sanitaria: médico/a, psicólogo/a, traballador/a social e 1 Terapeuta Ocupacional ou diplomado en ciencias da saúde






### **FUNCIÓNS:**


1. Revisión do informe de saúde, do informe social e demais documentación
2. Aplicación do baremo de valoración da situación de dependencia (BVD) e Escala de Valoración específica (EVE)
3. Xestión e coordinación dos procesos de valoración
4. Desenvolvemento, coordinación e seguimento do PIA
5. Elevar ao titular da Delegación Provincial a proposta sobre o grado e nivel de dependencia e a proposta do PIA
6. Asistencia técnica e asesoramento nos procedementos contencioso administrativos
7. Outras

## **PROCEDEMENTO**

### **SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN:**


#### Documentación administrativa:


-  Modelo normalizado de solicitude.
-  Fotocopia compulsada DNI/NIE/Pasaporte do solicitante.
-  Fotocopia compulsada DNI do representante e documento que os acredite.
-  Libro de familia no caso de menores de idade.
-  Certificado empadramento do solicitante onde conste a residencia en España durante 5 anos, dous dos cales inmediatamente anteriores á solicitude.

 Certificado das pensións, cando o solicitante as perciba desde organismos diferentes á Seguridade Social ou Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

 Fotocopia compulsada do certificado de minusvalía, se é o caso.

### **Documentación técnica:**

 Informe das condicións de saúde cuberto por un médico de calquer Administración Pública, segundo modelo oficial.

 Informe social, emitido por o Traballador Social dos servizos sociais públicos de referencia do solicitante ( Servizos sociais de atención primaria municipal, atención primaria de saúde, e atención especializada). O antedito informe debe formar parte do expediente para a valoración integral pero non é necesario que acompañe á solicitude no momento de presentación desta, de non estar aportado no momento da valoración, se requerirá de oficio pola Delegación Prov. correspondente.

## **VALORACIÓN DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA**

- 1º. Aplicación do baremo de valoración da dependencia (BVD) e da Escala de Valoración Específica (EVE) para menores de tres anos.
- 2º. A valoración realizarase, previo exame das condicións da persoa solicitante, tendo en conta o informe sobre a saúde da persoa, o informe social e a aplicación do baremo de valoración da dependencia (BVD) ou da escala de valoración específica (EVE) para menores de tres anos.
- 3º. Recoñecementos, entrevistas e demais probas que o órgano considere pertinentes.
- 4º. Solicitude de informes complementarios.
- 5º. Ditame-proposta co diagnóstico, situación, grado e nivel de dependencia, así como os servizos ou prestacións que a persoa poida requirir.
- 6º. Notificación do ditame-proposta ao interesado para que efectúe alegacións se é o caso.
- 7º. O ditame-proposta elevarase á persoa titular da Delegación Provincial.

## RESOLUCIÓN

- Resolución do/a Delegado/a Provincial con:
  - grao e nivel da situación de dependencia coa efectividade do dereito aos servizos e prestacións económicas conforme o calendario da Lei 39/2006, de 14 de decembro
  - servizos ou prestacións económicas que a persoa poida requirir.
  - prazo máximo da primeira revisión, se é o caso
- Prazo máximo de notificación da resolución á persoa solicitante: 6 meses a partir da data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. O prazo poderá suspenderse ou ampliarse conforme a Lei 30/1992, de 26 de novembro.
- Resolución denegatoria do recoñecemento se, á vista da tramitación do expediente, non quedase suficientemente fundamentada a situación de dependencia.

### PROGRAMA INDIVIDUAL DE ATENCIÓN (aprobado no prazo máximo de 6 meses dende a notificación da resolución)

- Unha vez notificada a Resolución sobre o recoñecemento da situación de dependencia, na que constan a criterio do órgano de valoración, a proposta de coidados que a persoa pode requirir, o cidadán debe dirixirse á súa Traballadora Social de referencia. (A proposta de dictamen, elabórase en base ao informe social preceptivo para o recoñecemento das situación de dependencia, na que a TS emite diagnóstico e propón os recursos que poden respostar as necesidades de atención da persoa a recoñecer).
- En base aos coidados recollidos na Resolución, o TS e o cidadá/representante legal e/ou gardador de feito, acordarán, de entre os servizos propostos, os que se adecuan as necesidades da persoa en situación de dependencia e ao seu entorno social.
- O antedito acordo quedará reflectido no documento de “ Proposta de coidados” que estará a disposición do TS na páxina web Matiass, e que se é posible, virá asinado tanto polo técnico ( TS ) coma pola persoa en situación de dependencia, ou seu representante legal ou gardador de feito.

- O antedito documento ( Proposta de cuidados) remítese á Delegación Provincial correspondente, na que en base aos servizos e prestacións propostos, e sempre que a Vicepresidencia dispoña dos recursos, e os considere adecuados para as necesidades da persoa e o seu entorno, emitirá Resolución do Plan Individual de Atención (PIA), no que se especificarán as intensidades dos servizos concedidos, e a forma de provisión dos mesmos:
  - No caso de prestación económica para cuidados no entorno familiar, a resolución deberá conter os datos da persoa nomeada coma cuidador familiar no profesional, que deberá darse de alta na Seguridade Social
  - No caso da prestación económica para asistente persoal, a resolución deberá conter os datos da persoa nomeada coma asistente persoal, que deberá darse de alta na Seguridade Social .